

Preescolar na Casa: fin dun soño

Pablo Veiga



Nesta mesma columna, hai preto de tres anos, louvábanse os méritos que este programa educativo acreditaba, así como os beneficios que xerou ó longo de tres décadas para centos de familias no conxunto do País, especialmente nas zonas rurais. Asemade, ante o incerto do seu futuro polo recorte nas axudas públicas recibidas, lanzábase un s.o.s sobre unha posible desaparición, avogando pola súa continuidade.

Os malos presaxios cumpríronse tres anos despois. Este comezo de curso será diferente ós anteriores. Unhas siglas que nos veñen a todos sendo lamentablemente familiares nos últimos tempos, tamén afectan ó persoal de Preescolar na Casa: E.R.E. (Expediente de Regulación de Emprego). Traducido, significa que case vinte traballadores verán reducida a súa xornada laboral á metade e a outros tantos non se lles prorroga o seu contrato. Esta situación durará, en principio, seis meses, sendo as expectativas máis ben negativas. As consecuencias inmediatas apreciaránan os propios empregados; uns engrosarán as

poboadas listas do paro e outros –os máis afortunados, de momento– conformaranse cunhas condicións moi inferiores. Isto xa en si mesmo encerra unha traxedia para cada unha destas persoas, con efectos perniciosos nas súas respectivas traxectorias vitais. Detrás das frías estatísticas atópanse individuos, seres humanos con proxectos propios que deberán ser axustados á nova realidade. En segundo lugar están os destinatarios do traballo que desenvolve Preescolar na Casa, é dicir, as familias con nenos e nenas que aínda non están en idade de ir ó colexio. Non é necesario nestas liñas eloxiar as virtudes desta iniciativa. Trinta anos de traxectoria é aval suficiente. O seu recoñecemento na comunidade resulta obvio. Os plenos tanto da Deputación Provincial como dos distintos concellos están aprobando mocións nos que se enaltece o programa e se avoga pola continuidade do mesmo. Cómpresinalar a unanimidade de tódalas forzas políticas nestes acordos. Pero as circunstancias actuais, cun escenario de crise económica brutal, son as que mandan.

E aqueles ós que lles corresponde tomar decisións decretan diminuír ou retirar as axudas públicas que resultan imprescindibles para que actuacións coma estas sigan funcionando. Coa excusa de conter o gasto, estanse a reducir partidas orzamentarias que ata o de agora se consideraban de interese xeral. Mal estamos, sen dúbida, cando non somos capaces entre todos de manter un programa esencialmente galego, promovido por aquel peculiar crego da bicicleta, con recoñecementos incluso alén dos Pirineos e moi valorado nas nosas comunidades. Porén, o esforzo e dedicación dos profesionais –maioritariamente mulleres– que traballan en Preescolar na Casa, persoal directivo e orientadores, fará posible que as zonas rurais, caracterizadas pola dispersidade, a perda de habitantes e o consecuente envellecemento, se beneficien das aprendizaxes que se ofrecen. Con menos medios, pero coa dedicación abnegada, coma sempre. As familias da nosa bisbarra con eses nenos e nenas nos seus primeiros pasos agradecerano.

CADERNOS DA VIAXE

Pena de Morte

Xoán Antón Pérez Lema

A recentísima execución dun posíbel inocente na Georgia dos USA bótanos diante dos ollos o problema da pena de morte. Unha pena vixente en 34 dos 50 estados, malia que estea tamén en vigor para os delitos federais. Porén, dende 1963 só se cumpriron tres penas de morte por delitos federais (as tres durante o primeiro mandato de Bush). O sistema xudicial federal baséase no nomeamento e non na elección e é difícil que se poida ditar unha pena de morte en firme.

¿Porqué tantas penas de morte nos Estados do Sur e do Medio Oeste? Porque grandes sectores sociais e territoriais da Unión americana acreditan non na súa eficacia preventiva, senón mesmo na súa xustiza retributiva, que insiren na tradición radical de moitas das igrexas cristiás da USA e no individualismo conservador dos republicanos do Great Old Party (GOP), hoxe xibarizados polo Tea Party. Das resultas do sistema xudicial os pobres (a meirande parte das veces latinos e negros) que son acusados de asasinatos, con-

tan con avogados ruíns (malia os esforzos desinteresados de moitos bos bufetes) e enfróntanse con xurados que representan as ideas dominantes da sociedade (que paguen os delinquentes, hai moita tolerancia cos malos, os asesinos botan 20 anos no corredor da morte a conta do Estado) de onde adoitan ser excluídos pola impugnación dos fiscais as persoas de ideas diferentes. Os xuices, que teñen que se enfrontar a eleccións periódicas, permiten abusos dos fiscais na presentación de probas e testemuñas. E, das resultas destas irregularidades, condenan á pena de morte mesmo a inocentes, validando grandes erros na instrución policial.

Mais diran vostedes, u-las apelacións? E certo, todo condenado a morte nun Estado pode apelar ao seu Tribunal Supremo (o do Estado, apelar ao TS federal leva moito tempo sendo inútil, xa que a autonomía lexislativa dos Estados e sagrada e o TS dos USA xa dixo que a pena de morte é constitucional e que o demais e competencia dos Tribunais estatais). Mais estas apelacións normalmente son rexeitadas, porque os xuices dos Tribunais Supremos son conscientes que revogar unha pena de morte supón un pasaporte cara á non reelección, porque serán alcuados de liberais e correrán o grave risco de ser derrotados por candidados conservadores que cren na pena de morte, na liberdade da posesión das armas e na prohibición do aborto e dos casamentos entre homosexuais.

A ARRINCADEIRA.

Catalunya viviu a sua derradeira tourada, con pouca pena dos cataláns e moita dos media madrileños. Penso que na nosa Galicia non compre prohibilas. O que si compre é non lle destinar un só euro dos cartos públicos. Deste xeito serán inviábeis, como demostra todos os anos a feira coruñesa.

TO RETRANQUEIRO



Comeza o ano escolar e os pais vense na necesidade de forzar aínda máis as súas maltreitas economías

Xavier Varela

terra chá.xa

para calquera suxerencia, para calquera comentario, para calquera información, para envío da súa foto denuncia, non dubide e pónase en contacto con nós

terrachaxa@fmpublicidade.com tel/fax: 982 51 03 35 - 606 86 33 22

edita: FM Publicidade e Comunicación
dirixida: Félix Jorquera
redacción: Sonia Fernández Gilero

dep. Legal: LU - 517 - 03
composición, maquetación e impresión:
TAMEIGA PUBLICACIONES
Mos (Pontevedra) 986 48 74 80

diseño logotipo:
INKER, Diseño e rotulación
Vialba